

CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

### **DON IVÁN PONTE MAHÍA, SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELLO DE TOQUES (A CORUÑA)**

#### **CERTIFICA**

O Pleno do Concello de Toques, na sesión ordinaria celebrada o día 24 de maio de 2018, a que asistiron oito dos nove concelleiros que compoñen a Corporación Municipal, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:


#### **3.- DEBATE E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CO CONCELLO DE TOQUES.**

*O Sr. Alcalde cede a quenda de palabra ó Sr. Secretario para que explique os motivos do cambio na composición da mesa de contratación.*

*O Sr. Secretario expón que o motivo do cambio na composición da mesa de contratación é a entrada en vigor da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público o día 9 de marzo de 2018, xa que na súa disposición adicional segunda apartado 7 establece que "... La Mesa de contratación estará presidida por un membro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuidas la función de control económico-presupuestario, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Los miembros electos que, en su caso, formen parte de la Mesa de contratación no podrán suponer más de un tercio del total de miembros de la misma. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación."*

*Considerando o establecido no apartado 7 da Disposición Adicional Segunda da nova lei de contratos, a actual composición da Mesa de Contratación non cumpría coa estrutura e composición que se establece na nova regulación;*

*Visto todo canto antecede e ante a ausencia de debate, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos membros presentes, é dicir, cos votos a favor dos dous concelleiros do BNG, dos tres concelleiros do PSG-PSOE, e dos tres concelleiros do PP, ACORDA:*



CONCELLO DE TOQUES

## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

**PRIMEIRO.-** *Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Toques que estará constituída polos seguintes membros:*

**PRESIDENTE:** *Miguel Ángel Buján Varela ( Sr. Alcalde do Concello de Toques )*

**VOCAIS:** *Don Iván Ponte Mahía ( secretario- interventor ) e Dona Mónica Seijas Rey ( funcionaria do Concello ).*

**SECRETARIA:** *Dona Guadalupe Vázquez Ascariz ( funcionaria traballadora social ).*

**SEGUNDO.-** *Notificar o presente acordo ós novos membros da Mesa ós efectos oportunos.*

**TERCEIRO.-** *Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Toques que está aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público”.*

E para que conste, expido a presente, do borrador da acta, de orden e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Toques a 26 de xuño de 2018.

Vº Pº  
O ALCALDE.

SECRETARIO.